

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA SEIS DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE.**

Na Casa Consistorial de Valdoviño, Salón de Sesiões, o día seis de febreiro de dous mil vinte, previa convocatoria efectuada regulamentariamente, reúnese o Pleno da Corporación ás vinte horas e cinco minutos en primeira convocatoria para celebrar a sesión ordinaria de carácter mensual do mes de febreiro, que preside o Sr. Alcalde don Alberto González Fernández (PsdeGPSOE) e coa asistencia dos /as seguintes concelleiros/as: dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, don Benito Manuel Vega Fernández, dona Jessica Sabín Fernández, don Alejandro Antonio García Sousa, don Germán Gómez Senra, dona Ana Belén Pérez Fernández e dona M.<sup>a</sup> del Pilar Caamaño Vilela (PsdeG-PSOE); dona Kristel Testa Ameneiros (PP); dona Dolores Bernardina Veiga Doce (CENVAL) e don Carlos Alberto Ameneiros Serantes (BNG). Non asiste e excusa a súa ausencia don Javier Bouzamayor Casas do grupo municipal PP.

Asistidos pola Secretaria Xeral do Concello, dona Carlota González Navarro, e do interventor Manuel Larrosa Rodríguez. Contando co quorum necesario, ábrese a sesión pola Presidencia procedendo a examinar os seguintes asuntos da **Orde do Día** da convocatoria.

### **I) PARTE DISPOSITIVA**

#### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 10.01.20 (Ordinaria).**

O Concello – Pleno aprobou en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes a acta mencionada.

#### **2º.- RESOLUCIÓN POR MUTUO ACORDO DO CONTRATO DO SERVIZO DE ASISTENCIA NO FOGAR.-**

**-PROPOSTA DA ALCALDÍA:** (Ditaminada favorable en comisión informativa de servizos sociais/:

“Visto escrito presentado en data 03 de xaneiro de 2020, rexistrado a 7 de xaneiro de 2020, pola UTE SAD VALDOVIÑO-ARAS MULTISERVICIO S.L.U-PEOPLE PLUS INNOVATION S.L., empresa adxudicataria do servizo de asistencia no fogar formalizado en contrato de 30 de abril de dous mil dezanove, que interesa a rescisión de mutuo acordo e inicio de novo procedemento de licitación.

Visto que se emitiu informe do interventor en data 23 de xaneiro de 2020 do que se extraen literalmente os seguintes fundamentos de dereito:

**“Primeiro.-** En primeiro lugar aclarar que **a renuncia** do contratista a seguir executando o contrato por razóns económicas non está prevista como causa de resolución, para todos os tipos de contratos en xeral e para os contratos de servizos en particular, nos artigos 211 e 310 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP) respectivamente.

O Informe 27/1999, de 30 de xuño de 1999, da Xunta Consultiva de Contratación administrativa, aínda que referido a unha lei de contratos anterior e a un contrato de obras, non perdeu virtualidad e admitiu a renuncia expresa como causa de resolución do contrato, considerándoa por aplicación dos principios xerais da contratación como: «un incumprimento das obrigas esenciais do mesmo, entre as que con carácter principal gura a de executar as obras obxecto do contrato adxudicado». Nembargantes estamos en presenza dunha petición de resolución de mutuo acordo.

**Segundo.-** Efectivamente, entre as as causas de resolución dos contratos administrativos recóllese expresamente o **mutuo acordo como causa de resolución do contrato**, concretamente no artigo 211.1.c) da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público –LCSP-. Con todo, hai que ter en conta que o artigo 212.4 expresamente indica que son dúas as condicións necesarias para poder resolver por mutuo acordo un contrato:

«4. A resolución por mutuo acordo só poderá ter lugar cando non concorran outra causa de resolución que sexa imputable ao contratista, e sempre que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconvincente a permanencia do contrato».

Partindo de que a priori non concorre nin a renuncia nin ningunha outra causa de resolución imputable ao contratista, hai que ter en conta a segunda condición que lexítima e xustifica una resolución dun contrato administrativo por mutuo acordo: **«Que existan razóns de interese público que fagan innecesaria ou inconveniente a permanencia do contrato».**

A expresión **«interese público»** é un **«concepto xurídico indeterminado»** que non pode ser acoutado dunha maneira precisa e inequívoca a priori, senón que é en cada caso concreto onde haberá que dilucidar se tal condición se produce ou non.

A resposta sobre se un concepto xurídico indeterminado concorre ou non en cada suposto corresponde ao órgano administrativo competente para adoptar a resolución pois a competencia é irrenunciable, aínda cando, loxicamente, poida e deba basearse nos informes e datos acumulados ao longo do procedemento administrativo para adoptar una decisión fundada. Esta decisión non pode basearse na mera sospeita ou na intuición, nin derivar de valoracións subxectivas, senón que debe vir avalada por datos que se extraian do procedemento administrativo.

A prosecución do interese público é, por iso, o que fundamentalmente xustifica que a Administración preste o seu consentimento para deixar sen efecto o contrato. Non serven razóns distintas ou intencións máis ou menos inconfesables.

O Consello de Estado realizou neste sentido una importante labor fiscalizadora, opóndose ao emitir o seu ditame á viabilidade de resolucións por mutuo acordo cando non exista unha xustificación obxectiva suficiente para chegar para ese efecto. Non cabe invocar pura e simplemente o artigo, é preciso invocar as razóns de interese público que xustifiquen tal resolución.

Considerouse que concorría o interese público para a resolución por mutuo ante a imposibilidade sobrevinda ou mesmo por variación substancial das circunstancias baixo as cales se adxudicou no seu día o contrato, de tal forma que, aínda que exista evidentemente una causa específica obxectiva de extinción contractual, cabe dar paralelamente saída ao problema a través de una extinción paccionada.

O interese público, que pretende salvagardarse coas especiais cautelas e requisitos previstos, veríase sensiblemente prexudicado se, a través da resolución por mutuo acordo, producísense efectos económicos máis perniciosos para a Administración Pública que os que derivarían do seu incumprimento mesmo.

Se o órgano de contratación, xustificando sólidamente a existencia do interese público da Administración na resolución do contrato e non concorrendo ningunha outra causa de resolución imputable ao contratista nin ningunha outra que apareza con anterioridade á formulación do mutuo acordo, resolve finalmente o contrato por mutuo acordo e tramitándose o procedemento de resolución dos contratos do artigo 109 do RGLCAP, os dereitos das partes acomodaranse ao válidamente estipulado por elas —artigo 213.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público LCSP— e non tratándose dunha resolución do contrato por incumprimento dunha causa da que sexa declarado culpable o contratista, non incurrirá en ningún caso nunha prohibición para contratar con devandita Administración e, por tanto, nada impedirlle participar en calquera licitación que a mesma convoque, mesmo se se decide posteriormente licitar de novo o contrato; a Administración, que resolveu o contrato xustificando a existencia de razóns de interese público, deberá tamén poder xustificar a necesidade de sacar novamente a licitación o mesmo, polas razóns sobrevidas, cambio de circunstancias ou outros factores que concorran.

**Terceiro.-** Efectivamente poderíase apreciar polo órgano de contratación que hai razóns sobrevidas que fan inviable o contrato nas circunstancias actuais :

- Licitación que iniciouse en xullo de 2017.
- Renuncia da licitadora adxudicataria a formalizar o contrato por considerar inviable o contrato.

- Pronunciamentos xurisprudenciais : A) Sentenza do T.S. de oito de xaneiro de 2019 que confirma a Senteza do T.S.X.G. de 11-01-2018 que á súa vez confirmou a Sentenza do Xulgado do Social Nº 3 de Pontevedra de 21-07-2017 sobre un asunto referente ao Concello de Pontevedra e Clece SA. B) Sentenza do T.S. de trece de decembro de 2018 que confirma a Sentenza do T.S.X.G. que á suva vez confirmou a Sentenza do Xulgado do Social Nº. 1 de Ferrol no procedemento seguido contra a empresa Eulen Servicios Sociosanitarios SA que prestaba servizos no Concello de Narón.

- Non actualización ou revisión de prezos (Cláusula 11º do Anexo “Cadro de características contrato”).
- Prezo a priori comparado con concellos da comunidade autónoma, inferiores aos licitados polos Concellos (Fene, Lugo, Oroso, Trazo, etc.) “

Considerando o anteriormente exposto, proponse ao **PLENO DA CORPORACIÓN**, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.-** Aprobar a resolución de mutuo acordo do contrato do servizo de asistencia no fogar.

**Segundo.-** Aprobar o inicio do procedemento para a adxudicación do novo contrato do servizo de asistencia no fogar, aínda que ésta quedará **condicionada** á terminación do expediente de resolución por mutuo acordo coa UTE -ARAS MULTISERVICIO S.L.U- PEOPLE PLUS INNOVATION S.L.

**Terceiro.-** Aplicar a tramitación de urxencia tanto ao procedemento de extinción do contrato, como ao de adxudicación do novo.

**Cuarto.-** Ata que se formalice o novo contrato, o contratista quedará obrigado, na forma e co alcance que determine o órgano de contratación, a adoptar as medidas necesarias por razóns de seguridade, ou indispensables para evitar un grave trastorno ao servizo. A falta de acordo, a retribución do contratista fixarase a instancia de este polo órgano de contratación, unha vez concluídos os traballos e tomando como referencia os prezos que serviron de base para a celebración do contrato. O contratista poderá impugnar esta decisión ante o órgano

Non obstante o Pleno resolverá o que estime máis convinte.

Valdoviño a 24 de xaneiro de 2020

O Alcalde, Asdo. Alberto González Fernández”

**O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, acordou a aprobación da proposta que antecede.**

*/Votación de 11 concelleiros: Non votou a Sra. Sabin Fernández (PSdeG-PSOE por non estar incorporada á sesión nen o Sr. Bouzamayor Casas (PP) por non asistir á sesión/*

### **3º.- APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE NARÓN E O CONCELLO DE VALDOVIÑO, RELATIVO Á REDE DE SANEAMENTO.-**

Proposta de Alcaldía: */Ditaminada favorablemente en comisión informativa de Planificación territorial e xestión administrativa/*

“A cooperación voluntaria entre concellos para compartir as súas competencias nunha xestión mais eficiente, marca o fin dos convenios interadministrativos entre Concellos según determina a normativa vixente alegada no informe xurídico que acompaña este expediente.

No expediente constan, ademáis do informe xurídico e de fiscalización favorables, memoria xustificativa igualmente favorables.

En cumprimento do previsto no artigo 25 apartados 1 e 3 en relación co 47.2 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, o concello mediante acordo do Pleno poderá aceptar a xestión de competencias relativas a rede de saneamento dos vecinos de parte do término municipal de Valdoviño.

Tendo en conta a información obrante no expediente, esta alcaldía en vista das atribucións conferidas pola lexislación vixente propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Narón e Concello de Valdoviño nos seguintes termos, co fin de dotar ao último do servizo de saneamento na área limítrofe establecida no estudio que se incorpora ao texto do Convenio:

*“Dunha parte o Concello de Narón, e no seu nome e representación a súa Alcaldesa-Presidenta, D<sup>a</sup>. Marián Ferreiro Díaz, facultada para a sinatura deste documento, polo Pleno municipal na sesión celebrada o \_\_\_; e en virtude do disposto na lexislación vixente.*

*Doutra parte o Concello de Valdoviño, e no seu nome e representación o seu Alcalde-Presidente, D. Alberto González Fernández, facultado polas mesmas disposicións legais e polo acordo adoptado polo Pleno municipal desa localidade de data -----.*

#### **EXPOÑEN**

*Que as partes se recoñecen plena capacidade para firmar o presente Convenio.*

#### **PRIMEIRO. - MARCO NORMATIVO**

*Que o artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público faculta ás Administracións Públicas, seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes , no ámbito das súas respectivas competencias, á subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia.*

*Pola súa banda o artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante LBRL), prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos nese artigo, dispoñendo que exercerán, en todo caso e como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e da CCAA, o abastecemento de auga potable a domicilio e a evacuación e o tratamento das augas residuais.*

*Competencia que novamente se menciona na relación de servizos do artigo 26 de esa disposición legal, para todas aquelas entidades con independencia da súa poboación, ao citar de modo expreso o abastecemento domiciliario de auga potable e o alcantarillado.*

*Así mesmo o artigo 57 da LBRL, permite a colaboración e cooperación entre as administracións públicas, tanto na prestación de servizos locais como noutros asuntos de interese común; que se desenvolverá con carácter voluntario, poidendo ter lugar, en todo caso, mediante a creación de consorcios ou convenios interadministrativos; en tanto que o artigo 198 da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia (LALGA), establece que as Entidades Locais poderán celebrar Convenios de cooperación entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia. E prosegue decindo que as partes poderán coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, distribuír as subvencións outorgadas por unha delas con referencia ao ámbito territorial ou poboación doutra, executar puntualmente obras ou servizos da competencia dunha das partes, compartir as sedes, locais ou edificios que sexan precisos para o desenvolvemento de competencias concorrentes, ceder e aceptar a cesión de uso dos bens patrimoniais, desenvolver actividades de carácter prestacional e adoptar as medidas oportunas para alcanzar calquera outra finalidade de contido análogo ás anteriores.*

## **SEGUNDO.- SITUACIÓN XURÍDICA ACTUAL NA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS OBXECTO CONVENIO DE COLABORACIÓN**

*Na actualidade os municipios asinantes están a prestar os servizos referenciados a través de entidades interpostas. Así o Concello de Narón conta cunha empresa mixta municipal de capital maioritariamente público, adxudicataria da súa prestación; en tanto o Concello de Valdoviño ten formalizada unha concesión administrativa do servizo en virtude das posibilidades outorgadas pola lexislación contractual en vigor.*

## **TERCEIRO.- SITUACIÓN FÍSICA DE VARIAS EDIFICACIÓNS**

*Os termos municipais de Narón e Valdoviño se atopan ubicados no noroeste da provincia de A Coruña.*

*Dentro do municipio de Valdoviño existen vivendas, ubicadas nas proximidades aos límites físicos ou lindeiros fixados entre os dous Concellos, igualmente cercanas a colectores de saneamento e/ou abastecemento, pertencentes ás redes municipais do Concello de Narón, xestionadas pola empresa mixta Compañía de Servicios Medioambientales do Atlántico S.A. (en adiante COSMA), que na actualidade carecen*

*dun servizo de titularidade municipal de saneamento/abastecemento sostible; resultando nestes intres tecnicamente viable a conexión destes predios a aquelas redes, a través de acometidas ou pequenas ampliacións de rede a estes colectores.*

#### **CUARTO.- OBXECTO E CRITERIOS XERAIS DA COLABORACIÓN**

*Con independencia das competencias formais asignadas a cada Consistorio pola lexislación vixente; así como a necesaria cobertura, normativamente prevista, na prestación de determinados servizos públicos por parte doutras administracións públicas de ámbito territorial superior (que especialmente atañe e afecta aos municipios de menor poboación) e da súa obrigatoriedade ou mero carácter potestativo, o certo é que o interese público que demandan as cidadanías de ámbolos dous concellos, así como a axeitada satisfacción das necesidades e aspiracións das respectivas comunidades veciñais, permiten acadar, e mesmo poden aconsellar, á búsqueda de solucións imaxinativas e novidasas que, dentro dun escrupuloso respecto e acatamento da normativa en vigor, sirvan para afrontar e resolver e superar os novos retos derivados da difícil situación socio económica pola que o Estado e as administracións públicas en xeral, están a atravesar.*

*O presente convenio ten precisamente por obxecto satisfacer cabalmente demandas municipais dun modo satisfactorio para as partes asinantes implicadas e, especialmente para as súas veciñanzas, por estimar e entender que a prestación polos seus propios medios ou a través de entidades supra municipais (en ocasións legalmente competentes) non permiten acadar os niveis de eficacia, dilixencia, calidade e satisfacción que a fórmula elixida agora, ofrece.*

*Se pretende pois regular a colaboración puntual entre os devanditos municipios de Narón e Valdoviño para a prestación axeitada do servizo público, esencial e reservado, de evacuación de augas residuais a diversos inmobles ubicados no termo municipal de Valdoviño, aínda que limítrofes co de Narón, por parte deste último Consistorio, a través da mercantil concesionaria interposta.*

*As actuacións derivadas do presente Convenio se realizan dentro dun escrupuloso respecto ao marco competencial establecido na normativa vixente en materia de réxime local, e posibilitan acadar unha solución medioambiental e sostible á problemática derivada da xestión dos residuos do saneamento das vivendas afectadas polo mesmo; tendo en conta as dificultades técnicas (perfis dos terreos e distribución actual do trazado) e económicas que a ampliación das redes do Concello de Valdoviño ata aqueles inmobles suporía, así como a proximidade dos mesmos ás redes de saneamento do Concello de Narón, xa existentes e en axeitado funcionamento.*

*A efectiva xestión deste servizo asegurará un axeitado tratamento deses residuos, minimizando desta forma o risco de afección a terreos colindantes sitios tanto no termo municipal de Valdoviño como no propio termo municipal de Narón.*

*Por todo canto antecede as partes*

**ESTIPULAN**

*Conveniar a colaboración referida de acordo coas seguintes*

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

*Os Concellos asinantes acordan a través dun convenio de colaboración a prestación material do servizo de evacuación e tratamento das augas residuais nas vivendas sitas no termo municipal de Valdoviño, recollidas no plano que se adxunta como ANEXO I.*

*Na súa virtude o Concello de Narón, a través da sociedade mixta concesionaria do seu servizo público de abastecemento de auga e evacuación (COSMA), se compromete á axeitada prestación dese servizo aos titulares daqueles inmobles e edificacións ubicados no termo municipal limítrofe de Valdoviño.*

### **SEGUNDA.- ALCANCE E LÍMITES DO CONVENIO**

*O Concello de Valdoviño se compromete a facilitar unha relación dos inmobles, vivendas e particulares afectados polo disposto neste Convenio, á que se acompañará documento acreditativo da previa petición escrita dos/das veciños/as interesados na prestación deste servizo nas condicións expostas. O citado documento, debidamente asinado por aqueles interesados, fará expresa mención do compromiso por eles asumido de abonar ao Concello de Valdoviño os custos económicos derivados da efectiva implantación (obras de acometida e cantas actuacións materiais precisas resulten) e as tarifas pola prestación posterior do servizo de evacuación e depuración das augas residuais. Tales contías serán recadadas polo Concello de Valdoviño segundo as súa propia normativa.*

*O listado de interesados asinantes cos compromisos descritos, se acompañará como ANEXO II a este Convenio.*

*O Concello de Narón, pola súa banda, e a través da empresa mixta concesionaria do servizo, se compromete á implantación e mantemento do devandito servizo naqueles inmobles a través da exclusiva execución das acometidas nos que previamente existe a rede, dentro do seu termino municipal.*

### **TERCEIRA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS**

*Os/As titulares das vivendas afectadas por este convenio fican suxeitos ás obrigas derivadas da normativa municipal do Concello de Narón neste ámbito; isto é o **REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DO CONCELLO DE NARÓN.***

*A sociedade mercantil COSMA, S.A. como concesionaria do servizo percibirá as liquidacións das tarifas pola prestación do servizo, de acordo coas recollidas na ordenanza fiscal vixente en cada momento (actualmente a número 8) así como o canon da auga correspondente (tributo autonómico).*

### **CUARTA.- DAS TARIFAS**



*O pago das liquidacións efectuarase directamente polo Concello de Valdoviño ao concesionario do servizo ( COSMA S.A), a través do procedemento establecido ao efecto na ordenanza fiscal vixente en cada momento, sen que poda alegar en ningún caso, a falta de abono efectivo a ese concello, das correspondentes tarifas polos veciños afectados e usuarios do servizo.*

#### QUINTA.- REVISIÓN DAS TARIFAS

*O Concello de Valdoviño comprométese a aceptar a revisión das tarifas e a forma de pago que se establezan por parte do Concello de Narón polo subministro que se establece neste convenio e nas ordenanzas fiscais correspondentes.*

#### SEXTA.- INCUMPRIMENTOS

*A inobservancia das obrigas reseñadas na cláusula anterior polo Concello de Valdoviño, darán lugar á inmediata cesación na prestación do servizo obxecto do convenio.*

#### SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

*Establécese unha Comisión de Seguimento que estará composta por un representante técnico de cada concello ou das concesionarias, presidido polos concelleiros de Obras de cada administración asinantes que se reunirán cantas veces sexa necesario, a petición de calquera das Administracións, para desenvolver as seguintes actuacións:*

*Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propondo as actuacións que se consideren precisas.*

*Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.*

*Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.*

*Incluir as novas vivendas e edificacións que se executen nas zonas delimitadas neste documento.*

#### OITAVA.- FORMALIZACIÓN

*O presente Convenio se formalizará mediante a súa sinatura e será publicado no Boletín Oficial da Provincia.*

#### NOVENA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

*1. O presente Convenio se extinguirá:*

*a) Por mutuo acordo das partes.*

*b) Por denuncia das partes cunha antelación mínima de 2 meses á data da extinción.*

*c) Pola implantación do servizo obxecto do convenio polo Concello de Valdoviño.*

#### NOVENA.- VIXENCIA

*Este Convenio terá unha vixencia de catro anos, puidendose prorrogar automaticamente por períodos anuais, agás denuncia dalgunha das partes formulada cunha antelación mínima de dous meses á terminación dun dos períodos ata un máximo de outros catro anos.*

#### DÉCIMA.- RÉXIME XURÍDICO E COMPETENCIA XURISDICCIONAL

*O presente Convenio de colaboración ten natureza interadministrativa, e queda excluído do ámbito de aplicación da Lei de Contratos do sector público, tal como establece o seu artigo 4.1.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o texto refundido da Lei de Contratos del Sector Público. Para a resolución das posibles dúbidas ou lagoas que puideran plantexarse na súa aplicación se estará ao disposto na normativa de procedemento administrativo común.*

*O Xulgado do Contencioso- administrativo de Ferrol resulta competente para coñece en única instancia dos recursos que se poidan deducir en relación co presente convenio.*

#### UNDÉCIMA.- ENTRADA EN VIGOR

*O presente Convenio entrará en vigor, unha vez sexa aprobado polos plenos municipais e publicado o seu texto no Boletín Oficial da Provincia.*

*E en proba de conformidade con canto antecede, asinan dous exemplares do presente Convenio, no lugar e data indicados ut supra.”*

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo ao Concello de Narón

En Valdoviño, a 27 de xaneiro de 2020.  
O Alcalde ,Alberto González Fernández”

**O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, acordou a aprobación da proposta que antecede.**

*Votación de 11 concelleiros: Non votou a Sra. Sabin Fernández (PSdeG-PSOE por non estar incorporada á sesión e o Sr. Bouzamayor Casas (PP) por non asistir á sesión.*

#### 4º.- APROBACIÓN DA DENOMINACIÓN DAS RÚAS NA PARROQUIA DE VALDOVIÑO.

**PROPOSTA DE ACORDO** /Ditame favorable de comisión informativa de Planificación Territorial e Xestión Administrativa/:

“Dacordo coa normativa contida no Regulamento de Poboación e demarcación territorial (RD 1690/86 de 11 de xullo) a formación, actualización, revisión e custodia do padrón

municipal corresponde ao Concello, debendo xestionarse por medios informáticos, e realizarse todas as actuacións e operacións necesarias para manter actualizados, os seus padróns de modo que os datos contidos nestes, concorden coa realidade.

O Concello acometeu os traballos de nomear as diferentes rúas da Parroquia de Valdoviño, a tal efecto formalizouse contrato administrativo de servizo para ese traballo coa empresa Procat Ingeniería e Medio Ambiente.

Co obxectivo de aprobar a denominación das rúas da Parroquia de Valdoviño co fin de derivalo ao instituto nacional de estatística e proceder posteriormente á modificación do padrón de habitantes.

Visto o disposto no artigo 22.2b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, polo que resulta a competencia do pleno municipal.

Esta alcaldía en vista das atribucións conferidas pola lexislación vixente propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar para a Parroquia de Valdoviño do Concello de Valdoviño, a denominación das rúas que a continuación se indica:

<b>Cod·Vi a</b>	<b>Tipo·V ia</b>	<b>Denom·Via</b>
		ALMIRANTE PEDRO FERNANDEZ
1	AVDA	MARTIN
2	AVDA	AREEIROS
3	AVDA	ATIOS
4	RUA	ATIOS BOCA DO
5	RUA	CAMPO
6	AVDA	COUCE CASAS
7	RUA	ENTRERRIOS
8	AVDA	FERROL
9	TRVA	GANDARA
10	AVDA	GANDARA DE ABAIXO
11	RUA	GANDARA DE ARRIBA
12	PASEO	LAGOA
13	RUA	PINTOR IMELDO CORRAL
14	RUA	PONTE
15	TRVA	PONTE
16	AVDA	PORTA DO SOL
17	TRVA	POULO
18	AVDA	SAIÑA
19	RUA	SAN MAMEDE
20	AVDA	SAN

SADURNIÑO  
21 AVDA SOUTO VIZOSO  
22 RUA ALDARETE  
23 RUA ALEUTO  
24 RUA ALFONSO X EL SABIO  
25 RUA BACORELLE  
26 RUA BICO  
27 RUA BOEIRO  
28 RUA CANAL  
29 RUA CARMEN  
30 RUA CARREIRA  
31 RUA CARRIZO  
32 RUA CASTELAO  
33 RUA CASTROS  
34 RUA CELSO EMILIO FERREIRO  
35 RUA CHOUSA  
36 RUA CORUÑA  
37 RUA COSTA ARTABRA  
CRUZ VERMELLA DO  
38 RUA MAR  
39 RUA CULTURA  
40 RUA DORNAVELLA  
EDUARDO  
41 RUA PONDAL  
42 RUA ENSINO  
ESCRITOR VICENTE DIAZ  
43 RUA VEIGA  
ESCRITORA PILAR  
44 RUA CEBREIRO  
45 RUA ESPADANA  
46 RUA FALPUEIRAS  
47 RUA FONTE DA AREA  
48 PRAZA GALICIA  
49 RUA GITANO  
50 RUA GRAÑO  
51 RUA ILLA LAPELA  
52 RUA ILLOTE PERCEBELLEIRA  
53 RUA JOSE TOUCEDA  
54 RUA JULIO ANEIROS  
55 RUA LADEIRA  
56 RUA LAGARTEIRAS  
57 RUA LAVANDEIRAS  
58 RUA LUGO

59 RUA LUIS PIMENTEL  
M. DEL MAR BECERRA  
60 RUA MUIÑO  
61 RUA MARIA MARIÑO  
62 RUA MARISCADORES  
63 RUA MEITUFE  
64 RUA MUIÑO  
65 RUA MULA  
66 RUA NORDES  
67 RUA OURENSE  
68 RUA PAREDES  
PENA DOS  
69 RUA CORVOS  
70 RUA PENSO  
71 RUA PEREIRO  
72 RUA PESCADORES  
PINTOR FRANCISCO  
73 RUA YGLESIAS  
74 RUA PINTOR JOSE LEYRA DOMINGUEZ  
POETA XERARDO O  
75 RUA INGLES  
76 RUA PONTEVEDRA  
77 RUA POSTAMAIOR  
78 RUA POZO DO CURA  
PRAIA DOS  
79 RUA CURAS  
PRAIA  
80 RUA FROUXEIRA  
81 RUA PRAIA ROSELA  
82 RUA RAMON OTERO PEDRAYO  
83 RUA RIO FERRERIAS  
84 RUA RIO FORCADAS  
85 RUA RIO MAIOR  
86 RUA ROBALEIRA  
87 RUA ROBERTO VIDAL BOLAÑO  
88 RUA ROSALIA DE CASTRO  
89 RUA SAUDE  
90 RUA XUNCOS  
91 RUA XUNQUEIRA  
92 RUA ZAPATEIRO  
93 RUA CARRILANAS

**SEGUNDO:** Notificar o presente acordo ao Instituto nacional de estadística, a efectos e modificar o padrón de habitantes.

En Valdoviño, a 27 de xaneiro de 2017.  
O Alcalde, Alberto González Fernández”

**O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, acordou a aprobación da proposta que antecede.**

*Votación de 11 concelleiros: Non votou a Sra. Sabin Fernández (PSdeG-PSOE por non estar incorporada á sesión e o Sr. Bouzamayor Casas (PP) por non asistir á sesión.*

**5º.- RATIFICACIÓN DO INCREMENTO DO 2% AOS EMPREGADOS PÚBLICOS NO CONCELLO DE VALDOVIÑO (Real Decreto-Lei 2/2020 de 21 de xaneiro de 2020).-**

*/Ditame favorable da comisión informativa de Planificación Territorial e Xestión Administrativa/*

**PROPOSTA DA ALCALDÍA:**

**INCREMENTO RETRIBUTIVO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE VALDOVIÑO PARA O ANO 2020**

A expensas da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2020, no BOE do 26 de marzo de 2018 publicouse a Resolución de 22 de Mar de 2018 (II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo), a través do seu Ministro de Facenda e Función Pública, e as organizacións sindicais CCOO, UXT, e CSIF fixaron un incremento salarial fixo, máis unha porcentaxe adicional de incremento ligado ao crecemento da economía, calculado en función do crecemento de PIB real, que recollerán os proxectos de Leis de Orzamentos Xerais do Estado para 2018, 2019 e 2020. As retribucións ligadas aos obxectivos de PIB, abonaranse con efectos do 1 de xullo de cada exercicio.

Para o ano 2020 o incremento fixo será dun 2 %. O incremento variable será: - Para un crecemento, igual ou superior ao 2,5 % será un 1 % adicional, o que supón un 3 % de incremento total. - Para un crecemento inferior ao crecemento do PIB do 2,5 %, o incremento diminuirá proporcionalmente en función da redución do crecemento que se produciu sobre este 2,5 %.

Así mesmo no ano 2020 prevese a posibilidade dunha subida adicional si cúmprense os obxectivos en materia de estabilidade orzamentaria (déficit público) establecidos para o Reino de España.

Con data de mércores, 22 de xaneiro de 2020 publicouse no BOE o Real Decreto-Lei 2/2020, de 21 de xaneiro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.

Dado que se mantén prorróga dos orzamentos de 2018, era necesario a aprobación da norma, a cal posibilita o incremento das retribucións do persoal ao servizo do sector público, entre eles, o persoal ao servizo do Concello de Valdoviño.

**Desta maneira, e con efectos desde o 1 de xaneiro de 2020, establécese para cada un dos diferentes colectivos que forman parte do sector público unha subida fixa do 2%.**

Visto o informe favorable da intervención municipal de 29 de xaneiro de 2020

**En consecuencia Propoño ao Pleno do Concello :**

Acordar aplicar con efectos de 1 de xaneiro o incremento retributivo previsto no Real Decreto-Lei 2/2020, de 21 de xaneiro polo que se se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.

O Alcalde,  
Valdoviño a 29 de xaneiro de 2020  
Asdo. Alberto González Fernández.”

**O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, acordou aprobar a proposta de Alcaldía, ratificando así o incremento do 2% aos empregados públicos do Concello.**

#### **6º.- PROPOSICIÓN DE APOIO ÁS PERSOAS CON ALZHEIMER E ÓS SEUS FAMILIARES.-**

En virtude do artigo 82.3 do ROF, por unanimidade e votación ordinaria, ratifícase a inclusión deste punto na Orde do Día, lida a proposta polo Sr. Alcalde.

#### **Proposta de Alcaldía:**

“A enfermidade de Alzheimer é unha causa de demencia, a principal, pero non a única. É unha enfermidade dexenerativa cerebral na que se perden neuronas, prodúcese o acúmulo dunha proteína anormal (amiloide) e mostra lesións características (placas senís e nobelos neurofibrilares).

Os cambios demográficos que sofren as sociedades occidentais co aumento da esperanza de vida e por tanto de enfermidades máis habituais a idades avanzadas, fixeron que as demencias en xeral e a enfermidade de Alzheimer en particular, pasasen a ser consideradas un problema de saúde de capital importancia.

A enfermidade de Alzheimer é unha patoloxía ligada ao envellecemento que aumenta en maiores de 65 anos, sendo a prevalencia dun 7% neste grupo de poboación, e próxima ao 50% en maiores de 85 anos. Dado que o envellecemento poboacional actual e proxectado son crecentes, a enfermidade de Alzheimer é un problema sociosanitario de primeira magnitude. Na actualidade en España a cifra de persoas afectadas é de aproximadamente 1.200.000, cifra que se aproxima aos 5.000.000 se contamos coa familia.

O Alzheimer presenta un importante impacto sociosanitario, tanto pola súa frecuencia como por ser unha das causas máis habituais de discapacidade no adulto. Segundo datos da Organización Mundial da Saúde (OMS), máis de 35 millóns de persoas no mundo sofren algún tipo de demencia. A enfermidade de Alzheimer constitúe a primeira causa de demencia (ata o 70%) no primeiro mundo.

Neste contexto, a Confederación Española de Alzheimer (CEAFA) vén desempeñando un papel activo na reivindicación e defensa dos dereitos das persoas afectadas pola enfermidade de Alzheimer e outras Demencias, participando na concepción e elaboración do Plan Nacional de Alzheimer e outras Demencias 2019-2023.

Neste momento o Plan Nacional de Alzheimer e outras demencias 2019-2023, impulsado polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social foi aprobado tanto no seo do Consello Territorial de Servizos Sociais, como no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, órganos compostos polas diferentes Comunidades e Cidades Autónomas xunto á Administración Xeral do Estado.

Polo que se insta ao Goberno de España a que acelere a posta en marcha do Plan Nacional de Alzheimer e outras demencias 2019-2023 e elévese a súa aprobación definitiva ao Consello de Ministros unha vez se aproben os Orzamentos Xerais do Estado e que estes contemplen a partida específica de financiamento que o Plan necesita.

**Tendo en conta que Valdoviño é un Concello solidario cós pacientes de Alzheimer e os seus familiares A ALCALDÍA PROPÓN** que se adopte o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO:** Apoiar o escrito de apoio ás persoas con Alzheimer e os seus familiares

**SEGUNDO:** Dar traslado deste acordo ó Goberno Central.

En Valdoviño, a 3 de febreiro de 2020

O alcalde, Asdo. D. Alberto González Fernández”

**O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, acordou a aprobación da proposta antedita.**

*/Votos favorables de toda a Corporación, agás do Sr. Bouzamayor Casas que non asistiu á sesión/*



## **7º.- PROPOSICIÓN SOBRE O FINANZAMENTO DAS ENTIDADES LOCAIS NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.-**

En virtude do artigo 82.3 do ROF, por unanimidade dos presentes e votación ordinaria, ratifícase a inclusión deste punto na Orde do Día, lida a proposta polo Sr. Alcalde.

### **PROPOSTA DA ALCALDÍA:**

“Os concellos somos a administración máis próxima á cidadanía, estando en contacto directo coa veciñanza. Pero estamos a asumir, cada vez máis, competencias impropias, que deberían asumir outras administracións. Competencias que non veñen acompañadas do suficiente e/ou correspondente financiamento co que facerlles fronte.

A Axuda no Fogar é unha desas competencias impropias xa que corresponde ás administracións autonómica e estatal pero que, cada vez de xeito máis preocupante, está a supoñer unha carga financeira, ás veces xa inasumible, para os orzamentos locais.

A Xunta de Galicia aporta dende o ano 2008, 9.70 €/hora (como máximo) sen levar a cabo ningunha actualización, quedando estancado o prezo/hora. Outras administracións, como a Deputación de A Coruña, aportan, dende o ano 2018, 12 €/hora: un prezo máis acorde co custe total do servizo.

O que está a suceder neste momento é que os concellos nos vemos na obriga de actualizar as licitacións para a prestación deste servizo. Estas novas licitacións, ás que agora temos que facer fronte dende os concellos, contemplan actualizacións de prezos que van dende os 14€/hora, xa que, como é normal, nos últimos anos, os salarios incrementáronse e os convenios colectivos modificáronse.

Dito incremento de prezo/hora redundará, en grande medida en:

- Unha xusta mellora nas precarias condicións contractuais que a día de hoxe sofren as traballadoras (na súa inmensa maioría) e os traballadores deste servizo.
- Unha mellora das prestacións ás persoas usuarias (fundamentalmente persoas maiores e dependentes).

**Tendo en conta o anterior A ALCALDÍA PROPÓN** que se adopte o seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Instar á Xunta de Galicia e o Goberno do Estado a asumir o custo dunha competencia que lle é propia, ou cando menos, dotar aos concellos das cantidades orzamentarias suficientes para facerlles fronte, chegando como mínimo á aportación que fai a Deputación de A Coruña.

**SEGUNDO:** Instar a Xunta de Galicia a negociar e aprobar cos concellos, a través da FEGAMP, nos primeiros catro meses do ano 2020, un sistema de financiamento xusto e acorde coas condicións laborais do ano 2020 que permita aos concellos manter e mellorar o servizo de atención á dependencia e axuda no fogar.

**TERCEIRO:** Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia e ó Goberno Central.

En Valdoviño, a 3 de febreiro de 2020  
O alcalde,  
Asdo. D. Alberto González Fernández”

Sra. Testa Ameneiros.- Podese negociar, habería que comezar por modificar a Lei, pero a Xunta xa fixera modificación e deu máis horas.

Sr. Alcalde.- Si, máis horas, pero non máis cartos. Nós temos que aumentar o importe da licitación.

**O Concello-Pleno, en votación ordinaria e por maioría dos presentes, acordou aprobar a proposta que antecede.**

*/Votos favorables de todos os concelleiros, agás da concelleira do PP, Sra. Testa Ameneiros, quen se abstén/.*

## **8º.- MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBOR DA EMIGRACIÓN GALEGA.-**

En virtude do artigo 82.3 do ROF, por unanimidade dos asistentes e votación ordinaria, ratifícase a inclusión deste punto na Orde do Día.

O concelleiro do BNG, da lectura da moción, da seguinte dicción:

“Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Valdoviño

Alberte Ameneiros Serantes, voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Valdoviño, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa discusión e parobación, se procede, polo Pleno do Concello de Valdoviño da seguinte

### **MOCIÓN VÍA GALEGA**

Este vaise i aquel vaise,  
e todos, todos se van.  
Galicia, sin homes quedas  
que te poidan traballar.  
Tés, en cambio, orfos e orfas  
e campos de soledad,  
e nais que non teñen fillos  
e fillos que non ten país.  
E téis corazóns que sufren  
longas ausencias mortás,  
viudas de vivos e mortos  
que ninguén consolará.

No poema Pra a Habana!, a nosa poeta, Rosalía de Castro, plasmou con especial sensibilidade o drama da emigración. Un drama non só persoal, senón tamén social e nacional. A emigración provoca desarraigamento, familias rotas e conduce tamén á desertización económica e á perda de horizonte de futuro dun país.

156 anos despois da publicación de Cantares Gallegos este drama dista moito de ser unha triste lembranza do noso pasado. Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, nos últimos 10 anos (2008-2017-últios datos dispoñíbeis-) emigraron de Galiza 216.413 persoas con idades comprendidas entre os 16 e 54 anos, idades nas que se concentran a maior parte das persoas demandantes de emprego.

Nese período 79.529 persoas con idades comprendidas entre os 16 e os 29 anos abandonaron o noso país. Mozas e mozos que ante a falta de perspectivas de realización persoal e laboral tiveron que coller a maleta para se ganar a vida fóra. Unha sangría para unha sociedade que criou e formou a unha xeración para que o seu coñecemento e o seu traballo contribúa ao proreso doutras sociedades en vez de reverter no país.

A emigración mesmo esta a poner en perigo a propia viabilidade de Galiza. O impacto da emigración é evidente no noso devalo demográfico e no avellentamento da poboación.

A poboación activa de Galiza (persoas entre 16 e 65 anos que están traballando ou buscan emprego) representa menos da metade da poboación total.

Na época na que Rosalía escribiu Para a Habana! A poboación de Galicia representaba o 11,5% da poboación total do Estado español e a súa densidade de poboación duplicaba a media estatal. En 1900 a porcentaxe descendera ao 10,64%. En 1950 situábase no 9,26% e no 2018 era só do 5,74%. É dicir, o peso relativo da poboación de Galiza no Estado español reduciuse á metade e en 2018 a nosa densidade de poboación situouse por vez primeira por baixo da media.

Algúns xa denominan a esta realidade “a Galiza mingüante” e se non lle poñemos remedio a esta sangría poboacional, significará a norte a medio prazo de Galiza como ente colectivo.

A condición periférica e subordinada da nosa economía, a destrucción de parte importante da nosa base produtiva, a precariedade no emprego e a ausencia de políticas ambiciosas de igualdade e fomento da conciliación están na base do devalo demográfico do país e o aumento da emigración.

Por todo o devandito o Pleno do Concello adopta os seguintes acordos.

- Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súa causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.

- Instar ao Parlamento de Galiza a constitír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, estude e propoña as medidas e políticas necesarias para rematar con este drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.

- Deben ser eixos destas políticas:

- A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enorme recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.

- A creación de emprego digno e de calidade.

- O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.

- O compromiso desde o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogadeiro, forestal, marítimo-pesqueiro, enerxético e das TIC.

ASDO. Alberte Ameneiros Serantes.

31 de Xaneiro de 2020”

**A Corporación, en votación ordinaria e por maioría prestou aprobación a anterior moción do BNG.**

**Votos favorables de todos os concelleiros asistentes á sesión; agás da concelleira do PP, que manifesta o seu voto en contra.**

### **9º.- MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA A MELLORA DA SANIDADE PÚBLICA.-**

“Sr. Alcalde-Presidente do concello de Valdoviño

Alberte Ameneiros Serantes, voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Valdoviño, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa discusión e aprobación, se procede, polo Pleno do Concello de Valdoviño da seguinte

#### **MOCIÓN PARA A MELLORA DA SANIDADE PÚBLICA**

A Corporación municipal do Concello de Valdoviño está preocupada pola situación e perspectivas da sanidade pública tanto do noso concello como da Área de Saúde á que pertencemos, como consecuencia da política sanitaria da xunta de Galicia, presidida por Feixóo, baseada nos recortes de recursos e orzamento, no desmantelamento de hospitais comarcais, no abandono dos Centros de Atención Primaria, na ocultación e manipulación das listas de espera, na precarización e explotación do persoal, recorte de camas hospitalarias, privatización e desatención clamorosa da saúde mental e das mulleres.

Estas políticas levan a a sanidade pública a un punto de difícil retorno se non as paramos entre todxs.

As protestas dos Centros de Saúde, o levantamento da poboación de Verín contra o peche da sala de partos do seu hospital e as protestas de nais e pais contra a falta de pediatras son algunhas das manifestacións do malestar cidadán fronte a esta crise sanitaria.

Cremos que estamos ante un momento importante, en que a Corporación municipal como representantes do conxunto da cidadanía, indistintamente da forza política á que pertencen os seus membros, deberíamos traballar conxuntamente para que no noso concello e na Área Sanitaria se poida dispor duns servizos sanitarios públicos de calidade. Non se pode nin se debe admitir a deterioración do noso sistema polos recortes e privatizacións do Sistema Sanitario Público.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO.** Apoiar a manifestación convocada por SOS Sanidade Pública, o vindeiro 9 de febreiro en Compostela.

**SEGUNDO.** Esixir o cese da política de desmantelamento e peche de servizos nos hospitais da nosa área.

**TERCEIRO.** Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.

**CUARTO.** Reducir as listas de espera e tempos de demora das consultas de atención hospitalaria, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa súa manipulación.

**QUINTO.** Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.

**SEXTO.** Acabar coa política de privatizacións de recursos e de derivar pacientes as clínicas privadas de xeito innecesario.

**SÉTIMO.** Acabar coa persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.

**OITAVO.** Plan de Mellora de Atención Primaria, da Saúde Mental e de Atención á Saúde das Mulleres.

**NOVENO.** Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellaría de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais dos nosos Centros de Saúde e dotalos do persoal necesario para garantir unha atención accesíbel e de calidade.

Comunicar a presente moción da Corporación Municipal de Valdoviño á Consellaría de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posíbeis para o Concello, a máxima difusión ao seu contido.

Asdo. Alberte Ameneiros Serantes.  
Valdoviño 31 de xaneiro de 2020”

Lee o representante do BNG a moción, e xustifica a presentación pola situación do desmantelamento patente que a Xunta de Galicia está facendo da Sanidade Pública (desprestixio do servizo, escasez de persoal, listas de espera, abandono de atención aos doentes con problemas mentais...) fomentando e orientando a sanidade privada.

Sra. Veiga Doce.- A sanidade en España é boa, e o que existe é mala xestión cos profesionais.

Sra. Testa Ameneiros.- Considero que esta situación ven de atrás, non é de agora e a Xunta está a melloralala.

Sr. Ameneiros Serantes.- Conforme que non é de agora, a Xunta co PP, ven tendo esta mala xestión dende sempre.

Pido novamente se solicite que se dote a Valdoviño dunha consulta médica en horario de tarde.

**O Pleno da Corporación aprobou a moción do BNG, anteriormente descrita, en votación ordinaria e por maioría.**

*Votos favorables, de todos os concelleiros presentes, agás da concelleira do PP. Sra. Testa Ameneiros que expresa o seu voto en contra.*

FÓRA DA ORDE DO DIA:

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día o Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razón de urxenza, algún asunto non comprendido na Orde do día que acompañaba á convocatoria e ao tempo anuncia a presentación polo seu grupo dun asunto que de seguido se refire ( Proposta de acordo corporativo de adhesión á central de contratación da FEMP) e xustifica a urxenza en base a importancia de asistencia e apoio ás licitacións.

O Pleno da Corporación ratificou a urxenza por unanimidade dos asistentes á sesión.

**.- PROPUESTA DE ACUERDO CORPORATIVO DE ADHESIÓN A LA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DE LA FEMP.-**

#### ANTECEDENTES

**PRIMERO:** La Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP), por acuerdo de su Junta de Gobierno de 28 de enero de 2014, aprobó la creación de una Central de

Contratación al amparo de lo previsto en la Disposición Adicional Quinta de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, conforme a la redacción dada a la misma por el artículo 135 de la Ley 21/2013, de 27 de diciembre de Racionalización y Sostenibilidad de la Administración Local.

La Central de Contratación de la FEMP se rige por lo dispuesto en los artículos 227 y siguientes de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público.

**SEGUNDO:** La Entidad Local Ayuntamiento de Valdoviño está interesada/o en la utilización de la Central de Contratación creada por la FEMP.

En consecuencia, teniendo en cuenta lo dispuesto en el artículo 228 de la referida Ley 9/2017 y siendo de interés para esta Entidad la utilización de la Central de Contratación de la FEMP, el órgano competente (Pleno) de la Entidad Local Ayuntamiento de Valdoviño.

#### **ACUERDA:**

**PRIMERO.-** Adherirse a la Central de Contratación de la FEMP a fin de poder contratar las obras, servicios y suministros que oferte, de conformidad a las condiciones y precios que se fijen en los correspondientes contratos o acuerdos marco que se suscriban entre dicha central y las empresas adjudicatarias de los mismos.

**SEGUNDO.-** Ajustarse a lo establecido en el Reglamento de Funcionamiento de la Central de Contratación de la FEMP, en concreto, en las cláusulas referentes al ámbito de aplicación, funcionamiento, derechos y obligaciones de las Entidades Locales.

**TERCERO.-** Remitir el presente Acuerdo a la Federación Española de Municipios y Provincias a los efectos oportunos.

Valdoviño, a 3 de febrero de 2020.  
El Alcalde,  
Fdo. Alberto González Fernández.”

**O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, acordou aprobar a adhesión a central de contratación da FEMP, conforme á proposta de Alcaldía antedita.**

#### **II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO**

**10º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE DECEMBRO CORRESPONDENTES COS NÚMEROS 501/2019 AO 558/2019.**

Dáse conta ao Pleno, en virtude do artigo 42 do R.D. legislativo 2568/86 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento Orgánico de Funcionamento e Rexime Xurídico das Entidades Locais, dos decretos ditados no mes de decembro do ano 2019,

que comprenden do número 501 ao 558, aos efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno local, conforme ao previsto na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

A documentación relativa a este asunto comprensiva de listado numerado e extracto do asunto estivo a disposición dos concelleiros/as con anterioridade a sesión plenaria.

**O Pleno tomou razón da relación de decretos mencionada.**

**11º.- DAR CONTA DE INFORME SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGAS DO CONCELLO, DURANTE O 4º TRIMESTRE DO ANO 2019.**

Dáse conta á Corporación de informe sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas do Concello previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 20 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondente ao cuarto periodo do ano 2019.

**1.- Facturas ou documentos xustificativos pagados durante o trimestre:**

	PMP (Días)	DENTRO DO PERÍODO LEGAL DE PAGO	FORA DO PERÍODO LEGAL DE PAGO
<b>Nº DE OPERACIÓNS</b>		853	325
<b>IMPORTE TOTAL</b>	44,56	896.693,04€	281.826,72€

**2.- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ó final do trimestre (artigo 4.3 da Lei 15/2010):**

	PMP (Días)	DENTRO DO PERÍODO LEGAL DE PAGO	FORA DO PERÍODO LEGAL DE PAGO
<b>Nº DE OPERACIÓNS</b>		117	7
<b>IMPORTE TOTAL</b>	28,90	307.671,06€	23.148,53€

**3.- Intereses de demora pagados durante o trimestre:**

Nº total de operacións: 0.

Importe total: 0

A documentación relativa a este asunto estivo a disposición dos concelleiros/as previamente á sesión plenaria.

**A Corporación dáse por enterada.**



## **12º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

O concelleiro do **BNG, Sr. Ameneiros Serantes**, manifesta non ter intervencións de control nesta sesión.

### **Intervención grupo CENVAL**

Sra. Veiga Doce.- Cómo está o tema da biblioteca?

Sra. García López.- Fixeron o expurgo; o presuposto derono por fases e está en marcha a segunda fase.

### **Intervención grupo PP**

Sra. Testa Ameneiros.- En canto á denominación do Pantín Classic, como vai a figurar?

Sra. García López.- Van a poñelo sen patrocinador. Está aprobado polo Pleno que se ten que chamar Pantín-Classic.

Sr. Alcalde.- Se lles impuxeron cambios, entre eles iso, parte ten intervención a Xunta de Galicia para modificar, pero tamén é certo que se trata dunha actividade privada.

Sen máis intervencións a sesión chega ao seu remate as vinte e unha e minutos, e queda levantada polo Alcalde-Presidente, redatándose sobre ela a presente acta por mín Secretaria, quen CERTIFICO.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE POLA SECRETARIA MUNICIPAL E POLO SR. ALCALDE.